

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 11 de xuño de 2014

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día once de xuño do ano dous mil catorce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación. co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Placido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Julio Pérez Carballo, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don Guillermo Fernández Dopazo, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG.

Non asisten don José Ignacio Gómez Pérez nin dona Mónica Vázquez Blanco, ambos do Grupo Socialista.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao tratamento do único punto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

ÚNICO.- PRONUNCIAMENTO SOBRE A IMPLANTACIÓN DO GRAO DE ENXEÑERÍA FÍSICA NO CAMPUS DE OURENSE, NO CURSO 2014-2015.-

O Sr. presidente manifesta que logo dunha xuntanza cos membros da Plataforma pro campus digno en Ourense, convocouse este pleno extraordinario, cunha proposta con dous puntos de acordo aos que dá lectura, co seguinte texto: *o Pleno da Deputación de Ourense, adopta o seguinte acordo: 1º.- Rexeitar o acordo do Consello Galego de Universidades que aprazou a implantación do grao de Enxeñaría Física no Campus de Ourense no curso académico 2014-2015. 2º.- Instar a convocatoria do Consello Galego de Universidades, con carácter urxente, para que os estudos do grao de Enxeñaría Física para Ourense comecen en setembro de 2014 no noso Campus.* Anuncia que unha vez aprobado este

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 11 de xuño de 2014

acordo será trasladado a todos os concellos da provincia, á Xunta de Galicia, ao propio Consello Galego de Universidades, para que quede clara a contundencia e a coherencia da Corporación Provincial con outro acordo que se aprobou na sesión plenaria de novembro de 2013

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que hai pouco máis de 20 anos, se producía na cidade de Ourense a meirande manifestación da historia na que 25 mil persoas saíron á rúa en demanda dun campus digno. Esta manifestación histórica e multitudinaria foi capitaneada por un grupo de homes e mulleres que constituíron a plataforma por un campus digno de Ourense, cuxos obxectivos eran frear a tesoira de recortes por parte da Xunta e pedir máis titulacións, plataforma que, a través dunha campaña intensísima de información cidadá, chegou a recoller máis de 33 mil sinaturas a prol dunha iniciativa lexislativa popular. O certo é que 20 anos máis tarde, a situación lonxe de mellorar vai a peor e para o BNG un dos elementos determinantes estivo e segue a estar na falla de peso político, tanto do anterior presidente desta institución como do actual, por non ser quen de defender os intereses desta provincia, no campo da educación e da formación, feito que acabou determinando, no seu día, que no reparto de titulacións, a Ourense só lle tocaran as migallas en contra, claramente, das demandas da cidadanía. O BNG está a favor de que se dote a Ourense co maior número de titulacións posíbel, coa finalidade de elevar a calidade e a importancia da súa oferta de titulacións, polo que non entenden como é posíbel que se cuestione a permanencia de este grao no noso Campus. Máxime cando, recuperando o espírito daqueles días, o que pide a sociedade ourensá é un campus con especialidades científico - técnicas, que poidan ofrecer desde Ourense innovación e desenvolvemento. O BNG reclama, esíxelle ao Conselleiro de Educación, que convoque ao Consello Galego de Universidades, para sen máis escusas aprobar definitivamente a implantación do grao de Enxeñería Física no Campus de Ourense. Vinte anos máis tarde é momento de volver facer escoitar a voz da cidadanía desta cidade e desta provincia, de que dunha vez por todas, Ourense sexa discriminada positivamente e de que o señor presidente manteña unha posición firme, ao igual que o seu grupo, na defensa dos intereses desta provincia, sen ambigüidades. Xa non valen os xestos para a galería, senón que ten que facer valer os seus galóns, porque unha cousa ten que ter moi clara, se isto non

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 11 de xuño de 2014

se acaba concretando será un novo xerro de auga fría para a nosa provincia, pero será tamén un fracaso do presidente, como presidente dunha institución que aglutina ao conxunto dos concellos da provincia, e como ben din, é o concello dos concellos. Que a universidade nos acompañe.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, pide desculpas pola ausencia dos deputados do Grupo Socialista, que por motivos persoais non poden asistir hoxe ao Pleno. Manifesta que chegamos aquí por unha supresión de forma ilegal dunha titulación, grao en Física, como así o dixo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que fixo volver ao inicio o proceso polo que se suprimira a dita titulación. Cando de novo se arrinca co procedemento xa no curso 2012-2013, formúlase a idea de dotar ao Campus de Ourense dunha titulación nova que só existe na Universidade de Barcelona, que é Enxeñería Física. Por unha banda aproveitaríanse recursos que existen (profesorado cun alto nivel de investigación e coa súa praza no Campus de Ourense, e, ao mesmo tempo, laboratorios nos que se leva realizando un gran investimento nos últimos anos). Por outra banda, a idea de traer a Ourense titulacións que sexan de xeito exclusivo para o Campus de Ourense supón unha atracción para estudantes que se acheguen a esta cidade e suporía un impulso importante para a economía de Ourense. Para darlle forma á proposta preparáronse tres memoria, unha académica, outra xustificativa e de demanda social e unha terceira de viabilidade económica. A Xunta de Galicia deulle luz verde ao proxecto a finais de xaneiro, declarando explicitamente a súa pertinencia socioeconómica para Galicia. E agora atopámonos co informe da Axencia de Calidade do Sistema Universitario galego, que di que hai deficiencias, e, por outra banda, o reitor di que non se implanta este vindeiro curso. O conselleiro é o que ten a decisión na súa man, non é outra cousa que unha decisión política dun conselleiro do Partido Popular e de Ourense, a quen tanto se lle enche a boca falando da importancia do Campus de Ourense pero non se ven esas palabras nas súas accións. Todas as pegas que pon a Axencia de calidade do sistema universitario galego pódense salvar cun empuxe político. Os estudantes de Ourense que queiran estudar Física, van ter que marchar fóra de Ourense (os que poidan, porque coa redución das becas moitos terán que estudar o que se lles poña mellor para a economía das súas familias). Ademais, perderemos ano a ano a oportunidade de ter unha titulación en exclusividade que nos achegaría sen dúbida melloras na economía, tan necesarias na nosa cidade e provincia. O

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 11 de xuño de 2014

Sr. Baltar non pode dicir unha cousa na Deputación e permitir que o conselleiro tome outra decisión distinta en contra dos ourensáns. O Sr. Baltar é presidente da Deputación e presidente do Partido Popular de Ourense, e o conselleiro de Educación é membro do PP de Ourense, por iso, o Grupo Socialista esíxelle ao Sr. Baltar Blanco que exerza os seus cargos e pete na mesa da Consellería para que se poida implantar esta titulación no Campus de Ourense. Xa se esgotou o tempo das palabras bonitas, agora é o tempo das accións e de poñer en marcha isto que tanto lle gusta dicir ao presidente, a Ourensanía.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que tal como tiñan entendido non se ía entrar en debates estériles, ademais cre que non proceden neste momento. A posición do grupo provincial do Partido Popular nesta Deputación é clara e contundente, por iso apoian os acordos aos que deu lectura o Sr. presidente.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos vinte e tres (23) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Rexeitar o acordo do Consello Galego de Universidades que aprazou a implantación do grao de Enxeñaría Física no Campus de Ourense no curso académico 2014-2015.

2º.- Instar a convocatoria do Consello Galego de Universidades, con carácter urxente, para que os estudos do grao de Enxeñaría Física para Ourense comecen en setembro de 2014 no noso Campus.

E, ás 11.10 horas do citado día once de xuño do ano dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,